



**asociación de escritores en lingua galega**  
www.aeig.org  
Sección de Literatura de Tradición Oral

# POLAFÍA

## na Guarda

**DE COSTA A COSTA: HISTORIAS DO MAR QUE AMAMOS**

COA PARTICIPACIÓN DE: Carmen Baz, redeira | Xurxo Chirro, Aproximacións modernas ao patrimonio | Xosé Lois Vilar, Talasonimia, os nomes do mar en Galicia e Portugal | Praxiteles González Martínez, Cavaqueiro do Rosal | José Benito Rodríguez González, "Tito Chirro" (maríneiro) | Xerardo Santomé e Camilo, Treboada de Tomiño | María Aurora Botao Pereira, O nacemento da pesca en V.P. de Áncora e o contributo de A Guarda | MÚSICA: Tino Baz e Grupo de Pandereteiras Xamaraina | RIMAS POPULARES: lidas por Isidro Novo | PRESENTA: Jose Font, director de Radio Tui.

CENTRO CULTURAL DA GUARDA. RÚA ROSALÍA DE CASTRO, 14  
Venres, 16 de Novembro, ás 20:00 horas. ENTRADA LIBRE

COLABORAN

CONSELLERÍA DE CULTURA E PATRIMONIO

CONCELLO DA GUARDA

CO PATROCINIO DE

XUNTA DE GALICIA

Será mañá venres, 16 de novembro, ás 20:00, no Centro Cultural da Guarda e con entrada libre.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o patrimonio oral, literario e musical

O elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constitúeno os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolve a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

Coa colaboración dos veciños e veciñas da Guarda e Portugal, da Asociación Cultural Ponten nas ondas e do Concello da Guarda, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega leva á vila da Guarda a súa vixésimo terceira edición das Polafías, un proxecto da súa Sección de Literatura de Tradición Oral, nesta ocasión co patrocinio da Consellaría de Cultura e Educación e co título De costa a costa: historias do mar que amamos

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o patrimonio oral, literario e musical. O termo polafía quere reunir no seu

## As polafías chegan á Guarda

Escrito por K12com

Xoves, 15 Novembro 2012 14:03

---

significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio. O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituiráno os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que sucede nas polafías é gravado e logo difundido a través da web da Sección de Literatura de Tradición Oral na web da AELG <http://www.aelg.org/Polafias/MainPage.do>

Haberá contos, cantos e historias da raia, coa participación:

- Carmen Baz, redeira
- Xurxo Chirro, Aproximacións modernas ao patrimonio
- Xosé Lois Vilar, Talasonimia, os nomes do mar en Galicia e Portugal
- Praxíteles González Martínez, Cavaqueiro do Rosal
- José Benito Rodríguez González, "Tito Chirro" (mariñeiro)
- Xerardo Santomé e Camilo, Treboada de Tomiño
- Maria Aurora Botao Pereira, O nascimento da pesca en V.P. de Ancora e o contributo de A Guarda

A música poñerana Tino Baz e o Grupo de Pandereteiras Xamaraina, e o escritor Isidro Novo recitará rimas populares.

Presenta Jose Font, director de Radio Tui